



**ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DE "CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN ANO 2015". APERTURA SOBRE Nº 1 "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA".**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás oito horas e trinta minutos minutos do día 8 de maio de 2015, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria acctal. do concello Dª María Jesús Blanco Martínez, o animador deportivo municipal D. Diego Fernández López e o concelleiro de persoal, formación, emprego e alumeado público D. José A. Villaverde Rocha, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria Dª María de los Angeles Domínguez Ramos.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui, en sesión celebrada o 5 de marzo de 2015, acordou aprobar a contratación de "Campamento Urbano de Verán para o ano 2015", cun orzamento total de licitación de 17.900,00€, impostos incluídos, de conformidade co prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, que tamén se aproba.

Publicado anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e Perfil do Contratante con data 6 de abril de 2015, remata o prazo de presentación de propostas o día 21 de abril de 2015.

Se presenta á licitación unha única empresa:

R.E. nº 3568 de 21/04/2015. "Actividades Lúdicas Galicia, S.L", con enderezo en rúa García Barbón, nº 36-3º of.2., cp 36201 Vigo.

Procedida á apertura do sobre nº 1 "Documentación Administrativa" da única empresa presentada, no que se aporta o modelo de declaración responsable (Anexo II), a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, que sea admitida á licitación e se proceda á convocatoria para a apertura do sobre 3 "Criterios na que a ponderación depende dun xuízo de valor. Proxecto de prestación de servizo", en acto público no Salón de Sesións, para o vindeiro luns, día 11 de maio, ás 13,00 horas.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Mª de los Angeles Domínguez Ramos.

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA ACCTAL. DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Mª Jesús Blanco Martínez.

O ANIMADOR DEPORTIVO MUNICIPAL

O CONCELLEIRO DE PERSOAL, EMPREGO  
FORMACIÓN E ALUMEADO PUBLICO

Asdo. Diego Fernández López

Asdo. D. José Angel Villaverde Rocha.

